

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2022

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:21 horas do día de referencia, previamente convocados, reunióronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).
Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)
Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).
María Jesús García Souto (PP).
Ángel López Fidalgo (PP).

Non asiste:

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Secretaría:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2021.

Ao non se efectuar ningunha observación, acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte: A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes na sesión o borrador da sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de novembro de 2021.

SEGUNDO.- ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS E COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+2022” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORUÑA

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 02.02.2022 que transcrita literalmente di:

**“PROPOSTA ALCALDÍA
EXPEDIENTE:2021/A007/000001**

Asunto: Adhesión ao Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos e competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” da Deputación Provincial de Coruña

O 26.11.2021 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”

O Concello de Sobrado ten asignadas as seguintes achegas:

- Achega provincial 2021: 99.692,78 €
- Achega provincial 2022: 188.540,41 €
- Préstamo provincial 2022: 14.140,53 €
- TOTAL POS +2022:302.373,72 €

Así mesmo, existe dotación para o desenvolvemento do Plan Complementario para realizar investimentos financeiramente sostibles por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achega provincial asignada a cada un deles no POS + 2022, e se recomenda que os concellos soliciten un importe maior.

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	188.540,41
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	188.540,41

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora da capa de rodadura do camiño de Senín, pavimentación e servizos na Brixaría	39.146,25	0,00			39.146,25
Mellora da capa de rodadura do camiño de As Gándaras	41.096,17	0,00			41.096,17
Mellora da capa de rodadura en Dombrete, Casal de Arriba e Carballás	19.450,36	18.360,22			37.810,58
Subtotal investimentos achega provincial 2021	99.692,78	18.360,22			118.053,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C. Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D. Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total conce- llo	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	188.540,41				188.540,41
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022					
	Achega 2021	99.692,78	18.360,22			120.034,63
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022					
	Achega 2022					
	Achega 2021					
	Préstamo 2022					

TOTAL			
--------------	--	--	--

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subven- cionable (encher esta colum- na se se encheo a columna B por ac- tuacións de abaste- cimento) (C= A-B)
Mellora da capa de rodadura da estrada de Para- ños(DP8001) a Cruce Sabugueira	109.348,85		
Mellora da capa de rodadura dos camiños de Ramil- Sobrado	34.655,88		
Rede de saneamento no lugar de Castro (Porta)	35.301,96		
Mellora da capa de rodadura do camiño de Orxás- Sobrado	41.127,86		
TOTAIS	220.434,55		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investi- mentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subven- cións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administra- ción Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Juan Vicente Aller Penas.

Ábrese o turno de intervencións pola sra. García Souto que afirma que supón que haberá máis adiante un Plan Complementario máis potente e observa que so se preven actuacións en camiños.

Resposta o sr. alcalde que se farán outras cousas.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (5):) Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(2):Mª Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

TERCEIRO. APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO AO POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 02.02.2022 que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE:

2022/A007/000002

ASUNTO: ADHESION AO POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

”O 26.11.2021 o Pleno da Deputación da Coruña acordou aprobar as Bases que rexen o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”. Xunto co POS+2022 regulase simultaneamente un POS+ ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

O Concello de Sobrado ten asignada a seguinte achega: 65989,14 €

Ao abeiro do disposto nas bases da dita convocatoria, as atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, PROPOÑO a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>			0,00 €

<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	30.000,00 €		30.000,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS.</p>	15.000,00€		15.000,00€

Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.			
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	7.000,00 €		7.000,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	10.989,14 €		10.989,14 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	3.000,00€		3.000,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	65.989,14 €	0,00 €	65.989,14 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais			0,00 €

comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	65.989,14 €	0,00 €	65.989,14 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ábrese o turno de intervencións pola sra. García Souto e pregunta cantas persoas hai en lista de espera no servizo de axuda no fogar.

Resposta o sr. alcalde que cree que 8 ou 9, que algúns deles están á espera por falta de documentación (informes do Sergas etc...).

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (5):) Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE) e Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Abstencións:(2):Mª Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

CUARTO.MOCIÓN DE URXENCIA

Non houbo.

QUINTO .DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.

Dase conta dos decretos de alcaldía dende o 495/2021 a 38/2022.

O pleno queda enterado.

SEXTO.-DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 4º TRIMESTRE DO 2021 E O INFORME DE MOROSIDADE DE 2021.

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 4º trimestre do 2021 , que foi de 7,67 días.

SÉTIMO .ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas formuladas pola sra. García Souto:

1.Se o alcalde ten as respostas formuladas no pleno anterior.

Resposta o sr. alcalde que lle vai a enviar por correo electrónico a documentación das modificacións puntuais do PXOM .Con respecto ás facturas, tiña intención de facelo pero a persoa responsabe estivo enferma esta última semana e non o puido facer, cando as teña as enviará por correo.

2 Sobre as modificacións puntuais do PXOM , pregunta que pasou coas que se contrataron en 2017, se avanzou algo na tramitación.

Resposta o sr. alcalde que houbo que facer modificacións requiridas por patrimonio e se introduciron máis cousas que requiren outras autorizacións sectoriais..

3. A pregunta formulada acerca do camiión con cesta para a recollidaa de residuos quedaches en contestar.

Resposta o alcalde que cree que xa a contestou.

A sra García Souto afirma que non quedou contestada .

4. As preguntas formuladas sobre o novo vaso de as Pías están sen contestar.

Resposta o sr. alcalde que xa están contestadas.

A sra. García Souto afirma que se o novo vaso está en construción e non ten licenza porque motivo o concello no inicia expediente de reposición de legalidade urbanística.

Resposta o sr. alcalde que xa mirará a normativa, que él non é xurista e que cando o faga xa lle contestará.

5.Con respecto á pregunta sobre a contratación da elaboración dun informe medioambiental, volve a reiterar que quere saber cal foi o procedemento de contratación de esa empresa, qué se está a contratar concretamente, en qué consiste e cales son os expedientes e se existen quere que se lle facilite unha copia.

6. A sra García afirma que xa que o alcalde é unha persoa moi implicada co medio-ambiente, pregunta se se sabe algo do parque eólico do Alto das Borrallas.

O sr. alcalde di que hai novidades , a Xunta emitiu informe desfavorable porque o parque está fora de ordenación e non cumpre co Plan Eólico aprobado pola Xunta. Dito informe está publicado na páxina web da Xunta de Galicia e engade que ás alegacións presentadas polo Concello aínda non contestaron.

7.A sra. García afirma que viu que se aprobou o padrón fiscal da taxa polo suministro de auga potable do ano 2018, e pregunta o motivo de non cobrar a taxa antes.

O sr. alcalde resposta que non o considerou oportuno e agora sí e engade que tamén se vai a ampliar o abastecemento de auga a outras parroquias do Concello e se darán de alta aos novos usuarios.

Pregunta a sra. García que cantidade se vai a cobrar dende o 2018 ata agora.

O sr. alcalde di que o consumo mínimo previsto na ordenanza fiscal.

8. A sra. García pregunta polo tema do pavimento de camiños xa que afirma que hai algunhas zonas por exemplo na Porcariza , onde pasan moitos vecinos, está en moi mal estado e pola contra se fan pistas de aglomerado en zonas privadas. Porqué esas diferenzas , que pasa hai vecinos de primeira e de segunda?

Resposta o sr. alcalde que as obras van metidas en diferentes programas ou plans e que hai que adaptalos proxectos á subvención en nalgunhas se pode facer aglomerado en 400 metros e noutras 1000 m, por poñer un exemplo e lle pregunta á sra. García cal é esa pista privada que di que se asfaltou.

A sra.García Souto pregunta se o feito de que sexan estradas pola que hai moito tránsito de vecinos non se ten en consideración.

9. A sra. García pregunta que tal foi a visita á FITUR e lle recorda que dixera que se vería a repercusión da visita a FITUR do ano pasado .

Resposta o sr. alcalde que se quere ir o vindeiro ano .

Resposta a sra. García que non a invita á presentación dun video promocional de Sobrado como para invitala a ir a FITUR e pregunta se xa se ven as repercusións , se veu con algo concreto, contactos etc...

O alcalde di que so se pasaron gastos de aloxamento nun hotel moi económico de dúas estrelas,

Intervén o concelleiro Angel López Fidalgo e sinala que sería importante elaborar un informe desa visita(repercusións, contactos etc..., que se fixo, que se contratou.)

Di o alcalde que cree que él nunca fixo ningún deprezo a un concelleiro da oposición en ningún acto .

10.A sra.García fai referencia ao tema dos afganos que van vir a Sobrado, que saiu na prensa e afirma que foi unha xestión realizada por unha asociación do Concello e que o alcalde saiu presumindo diso e que é de pouca elegancia por parte del.

Resposta o sr. alcalde que ela non sabe nada do tema, que simplemente foi unha conversa que mantivo cun reporteiro sobre as citas da policía para a xente que ven de fora e lle comentou o tema dos afganos e que lle pasou o contacto da persoa da asociación que realizou a xestión, que él non tiña ningún interés en sair nos medios, so o concello tiña que estar dacordo e dar as axudas correspondentes. Engade que veñen o 5 de marzo, que seguro que ela xa o sabe e cree que cando veñan acudirá un periodista e que xa avisará.

A sra. García afirma que non ten ningún interese en saír no periódico e que é unha pena que non se rehabiliten as escolas de Nogueira e As Cruces, xa que lembra que se concedeu unha subvención nominativa de 48.000,00 € pola Deputación de A Coruña no ano 2017 e que se se houberse realizado habería 4 vivendas sociais.

Resposta o sr. alcalde que se pediu un proxecto a unha empresa de Lalín pero que na Deputación non había nada tramitado xa que para que unha subvención nominativa sexa aprobada ten que vir a proposta ao pleno do Concello, informe de secretaría.intervención e dito acordo se traslada á Deputación para que o pleno da Deputación aprobese a subvención nominativa.

Pregunta a sra García se existe ese proxecto e se se pagou.

O alcalde resposta que si.

Pregunta a sra. García que se existe o proxecto porque non se utilizou.

A sra. García desexa facer máis preguntas pero sendo as 13:55 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE